



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · wwwconcellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 6 DE XULLO DE 2015

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO
D.^a MONTSERRAT HERMIDA MONTERO
D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN
D.^a LAURA PIÑEIRO MONTES
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTÍN
D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás once horas do día seis de xullo de dous mil quince baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

1. LECTURA E APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 13 DEXUÑO DE 2015. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trece de xuño de dous mil quince.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. DAR CONTA

Polo Sr. Alcalde - Presidente dase conta que todos os Grupos Políticos Municipais cumpriron en tempo e forma o establecido nos artigos 23 e ss. do R.O.F. e 74 e 75 da Lei 5/ 1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, referente á súa constitución como tales nomeando voceiros titulares e suplentes do seguinte xeito :

- O P S de G - PSOE constitúese como Grupo Municipal formado por 6 concelleiros/as nomeando voceiro titular a D. Manuel Meizoso López e suplente a D. Antonio Rodríguez Meizoso.

- Alternativa Independiente de A Capela (AIAC), constitúese como Grupo Municipal, formado por dous concelleiros, nomeando voceiro titular a D. Marcos Rodríguez Calvo, e voceiro suplente a D. David Rodríguez Sanmartín.

- O Partido Popular, constitúese como Grupo Mixto - PP, de acordo co establecido no artigo 74.4 da Lei 5/ 1997 de Administración Local de Galicia, cun único Concelleiro nomeando voceiro titular a D. Santiago Meizoso Permy.

O Pleno da Corporación queda enterado.

3. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DOS PLENOS ORDINARIOS. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA

Polo Sr. Alcalde - Presidente dase conta da Proposta da Alcaldía de data vinte e dous de xuño de dous mil quince, que copiada literalmente dí:

“Aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 46.2 a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/99 do 21 de abril, artigo 78.1 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 210 da Lei 5/97 do 22 de xullo da administración local de Galicia, corresponden ao pleno da corporación establecer a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, a proposta da Alcaldía.

Visto o anterior pola Alcaldía- Presidencia propónse ao pleno da Corporación:

- Periodicidade das sesións ordinarias do pleno da corporación: bimensual
- Data: o derradeiro xoves dos meses pares
- Hora: 10:00 h

Se a data coincide con festivo, trasladarase ao inmediato xoves posterior”.

Visto o anterior e sen producirse debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

Único. Aprobar a proposta da Alcaldía - Presidencia de data vinte e dous de xuño de dous mil quince sobre a periodicidade da celebración das sesións ordinarias do pleno da corporación, que se realizarán con carácter bimensual, o derradeiro xoves dos meses pares ás 10:h. Da mañá . Se a data coincidese con festivo trasladarase ao inmediato xoves posterior.

4. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da Corporación, a proposta da Alcaldía - Presidencia de data vinte e dous de xuño de dous mil quince, que copiada literalmente dí:

"O artigo 20.1 c) da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de réxime local modificado pola Lei 11/99 do 21 de abril establece o carácter facultativo das Comisións informativas Permanentes para os concellos de 5000 habitantes.

Do mesmo xeito o artigo 68 da Lei 5/97 da administración local de Galicia, establece o carácter preceptivo para os Municipios de máis de 5000 habitantes, podéndose constituir potestativamente nos demais, previo acordo do Pleno do Concello.

Por outra banda o artigo 59.2 c), así como os artigos 66 e 67 da precitada Lei de Administración Local de Galicia, establece o carácter preceptivo da Comisión Especial de Contas.

A Disposición adicional 2ª.10) do TRLCSP aprobado polo RD 3/2011 do 14 de novembro, establece a composición da Mesa de contratación como órgano de asistencia xurídico e especializado sobre órganos de contratación municipal. Sexa o Sr. Alcalde-presidente ou o pleno da corporación no caso do Concello da Capela. É obrigatoria a súa actuación nos procedementos abertos restrinxidos e negociados con publicidade e potestativa no procedemento negociado sen publicidade.

Visto o anterior, propónse a creación e composición das seguintes comisións informativas permanentes:

1. A Constitución da Comisión Especial de Contas, que estaría formada polos seguintes integrantes dos Grupos Políticos municipais, atendendo a criterios de proporcionalidade da representación política do Concello:

- Tres membros do Grupo Municipal do PS de G- PSOE, un membro do Grupo Municipal de AIAC e un membro do Grupo Municipal do Partido Popular.

Presidente:

D. Manuel Meizoso López (D. Antonio Rodríguez Meizoso)

Vogais:

D.ª Montserrat Hermida Montero (D.Jaime Barcia Rodríguez)

D. ^a Laura Piñeiro Montes (D. Emilio Riobó Piñón)

D. David Rodríguez Sanmartín (D.Marcos Rodríguez Calvo)

D. Santiago Meizoso Permuy

Entre paréntese suplentes.

2. Comisión Informativa de asuntos plenarios:

Presidente:

D.Manuel Meizoso López (D. Jaime Barcia Rodríguez)

Vogais:

D. Antonio Rodríguez Meizoso (D^a.Montserrat Hermida Montero)

D. Emilio Riobó Piñón (D.^a Laura Piñeiro Montes)

D. Marcos Rodríguez Calvo (D. David Rodríguez Sanmartín)

D.Santiago Meizoso Permuy

- Periodicidade: o xoves anterior á semana na que se celebre a sesión plenaria correspondente.
- Hora: 10.00

Entre paréntese suplentes.

3. Xunta de voceiros.

Constituese como órgano deliberante e de consulta, a petición da Alcaldía ou de calquera dos voceiros. Poderán asistir para informar calquera dos concelleiros/a delegados/a.

- Periodicidade: mensual.
- Data: segundo xoves de cada mes.
- Hora: 12.00 h

4. Mesa de Contratación.

Presidente: D. Manuel Meizoso López, Alcalde- Presidente.

Vogais:

D. Antonio Rodríguez Meizoso, 1º Tenente de Alcalde e Concelleiro do Grupo Municipal do P S de G - PSOE

D. Marcos Rodríguez Calvo, Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC

D. Santiago Meizoso Permuy, Concelleiro do Grupo Mixto - PP.

D. José Antonio Meizoso Paz, Secretario - interventor do Concello.

Secretaria :

D.ª Olga Galdo López, funcionaria do Concello."

Polo voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, formúlanse varias preguntas en relación coa actuación da Mesa de Contratación, concretamente co ámbito de actuación da Mesa e os Procedementos nos que intervén. Polo Secretario - interventor do Concello respóntase sobre as dúbidas xurdidas.

Sometido o asunto á votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1. A Constitución da Comisión Especial de Contas, que estaría formada polos seguintes integrantes dos Grupos Políticos municipais, atendendo a criterios de proporcionalidade da representación política do Concello:

- Tres membros do Grupo Municipal do PS de G- PSOE, un membro do Grupo Municipal de AIAC e un membro do Grupo Municipal do Partido Popular.

Presidente:

D. Manuel Meizoso López (D. Antonio Rodríguez Meizoso)

Vogais:

D.ª Montserrat Hermida Montero (D.Jaime Barcia Rodríguez)

D.ª Laura Piñeiro Montes (D. Emilio Riobó Piñón)

D. David Rodríguez Sanmartín (D.Marcos Rodríguez Calvo)

D. Santiago Meizoso Permuy

Entre paréntese suplentes.

2. A Constitución da Comisión Informativa de asuntos plenarios:

Presidente:

D.Manuel Meizoso López (D. Jaime Barcia Rodríguez)

Vogais:

D. Antonio Rodríguez Meizoso (D^a.Montserrat Hermida Montero)

D. Emilio Riobó Piñón (D.^a Laura Piñeiro Montes)

D. Marcos Rodríguez Calvo (D. David Rodríguez Sanmartín)

D.Santiago Meizoso Permuy

- Periodicidade: o xoves anterior á semana na que se celebre a sesión plenaria correspondente.
- Hora: 10.00

Entre paréntese suplentes.

3. A Constitución da Xunta de voceiros.

Constitúese como órgano deliberante e de consulta, a petición da Alcaldía ou de calquera dos voceiros. Poderán asistir para informar calquera dos concelleiros/a delegados/a.

- Periodicidade: mensual.
- Data: segundo xoves de cada mes.
- Hora: 12.00 h

4. A Constitución da Mesa de Contratación Permanente.

Presidente: D. Manuel Meizoso López, Alcalde- Presidente.

Vogais:

D. Antonio Rodríguez Meizoso, 1º Tenente de Alcalde e Concelleiro do Grupo Municipal do P S de G - PSOE

D. Marcos Rodríguez Calvo, Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC

D. Santiago Meizoso Permuy, Concelleiro do Grupo Mixto - PP.

D. José Antonio Meizoso Paz, Secretario - interventor do Concello.

Secretaria :

D.^a Olga Galdo López, funcionaria do Concello.”

5. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS QUE SEXAN COMPETENCIA DO PLENO. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente da Proposta da Alcaldía - Presidencia de data vinte e dous de xuño de dous mil quince, que copiada literalmente dí:

“Propóñense os nomeamentos dos seguintes concelleiros/as nos órganos colexiados nos que ten participación o Concello da Capela:

1º. Consello Escolar do CEIP, Mosteiro de Caaveiro: D. Emilio Riobó Piñón

2º. EuroEume: D. Manuel Meizoso López

3º. Organismo Rector do Parque Natural das Fragas do Eume: D. Manuel Meizoso López

4º. Consello de Participación veciñal:

Grupo Municipal do P S de G - PSOE: D. Manuel Meizoso López (Titular)

D. Emilio Riobó Piñón (Suplente)

D. Antonio Rodríguez Meizoso (Titular)

D.^a Montserrat Hermida Montero (Suplente)

Grupo Municipal de AIAC:

D. David Rodríguez Sanmartín (Titular)

D. Marcos Rodríguez Calvo (Suplente)

Grupo Municipal do Partido Popular: D. Santiago Meizoso Permuy”

Toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, para preguntarlle ao Sr. Alcalde, senón hai representación do Concello no Museo etnográfico da Capela?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente, que o Concello non nomeou representantes no mandamento anterior, no que o Alcalde-Presidente e a tesoureira foron representantes do Concello, pero dimitiron xa que ningunha proposta do Concello era escoitada e sometida a votación.

Sen máis debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º . Nomear representantes do Concello da Capela, nos seguintes organismos:

1º. Consello Escolar do CEIP, Mosteiro de Caaveiro: D. Emilio Riobó Piñón

2º. EuroEume: D. Manuel Meizoso López

3º. Organismo Rector do Parque Natural das Fragas do Eume: D. Manuel Meizoso López

4º. Consello de Participación veciñal:

Grupo Municipal do PS de G - PSOE: D. Manuel Meizoso López (Titular)

D. Emilio Riobó Piñón (Suplente)

D. Antonio Rodríguez Meizoso (Titular)

Dª Montserrat Hermida Montero (Suplente)

Grupo Municipal de AIAC:

D. David Rodríguez Sanmartín (Titular)

D. Marcos Rodríguez Calvo (Suplente)

Grupo Municipal do Partido Popular: D. Santiago Meizoso Permuy"

2º. Notificar aos organismos correspondentes o presente acordo plenario.

6. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. DAR CONTA

Polo Sr. Alcalde - Presidente dase conta das resolucións da Alcaldía de data dezasete de xuño de dous mil quince, que copiadas literalmente dín:

"1.RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

FEITOS

1 Os Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír na totalidade das súas funcións pola orde do seu nomeamento a esta Alcaldía, nos casos de ausencia, enfermidade, ou impedimento que lle imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de alcalde no suposto de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

2 Da presente resolución darase conta ao pleno na primeira sesión que se realice, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Artigos 20 e 21 da Lei 7/85 , de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986.

2 Artigos 61.2, 62 e 63 da Lei 5/97 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Nomear Tenentes de Alcalde aos concelleiros seguintes:

Primeiro. Nomear primeiro Tenente de Alcalde : D. Antonio Rodríguez Meizoso

Segundo. Nomear segunda Tenente de Alcalde: D.^a Montserrat Hermida Montero

Terceiro. Nomear terceiro Tenente de Alcalde: D. Emilio Riobó Piñón

Cuarto. Da presente resolución dar conta ao Pleno na primeira sesión que se leve a cabo, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicalo no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da presente resolución.

2.RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS DELEGADOS

FEITOS

1 O Alcalde poderá nomear concelleiros delegados coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión dos servizos municipais.

2 Da presente resolución darase conta ao pleno na primeira sesión que se realice, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Artigo 43 e seguintes do RD 2568/86 do Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de marzo de 1986.

2 Artigos 61.3, 61.4 da Lei 5/97 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia.

3 Con respecto á súa efectividade artigo 23 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e artigo 52.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Nomear Concelleiros delegados os seguintes:

Primeiro. Nomear a D. Antonio Rodríguez Meizoso, concelleiro delegado de Benestar social e Participación cidadá, con competencias nos seguintes eidos:

- asociacións
- voluntariado
- información e comunicación
- participación cidadá

Segundo. Nomear a D.^a Montserrat Hermida Montero concelleira delegada de Servizos sociais, con competencia nos seguintes eidos:

- servizos sociais
- terceira idade
- muller

Terceiro. Nomear a D. Emilio Riobó Piñón, concelleiro delegado de cultura e ensino, con competencias nos seguintes eidos:

- colexio público
- biblioteca
- escola de música
- actividades culturais

Cuarto. Nomear a D.^a Laura Piñeiro Montes, concelleira delegada de deportes e xuventude, con competencias nos seguintes eidos:

- escolas deportivas
- actividades deportivas
- festexos
- xuventude

Quinto. Nomear a D. Jaime Barcia Rodríguez, concelleiro delegado de servizos públicos, con competencias nos seguintes eidos:

- obras
- rede de auga
- sumidoiros
- xestión de residuos
- iluminación pública
- urbanismo
- persoal

Da presente resolución dar conta ao pleno na primeira sesión que se realice, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicalo no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade o día seguinte ao da presente resolución."

O Pleno da Corporación queda enterado.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas quince minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz